

Probas de acceso

Instrucións para o acceso ao Conservatorio profesional de música de Vigo

Índice

1. Acceso a 1º curso do grao elemental	4
1.1 Información xeral.....	4
1.2 Proba de acceso:	5
1.3 Cálculo da cualificación.....	6
1.4 Organización, procedemento e reparto de vacantes	7
2. Acceso a 1º Curso do grao profesional	8
2.1 Normativa xeral para todas as especialidades	8
2.2 Criterios de avaliación da proba da especialidade:.....	9
2.3 Exercicio de coñecementos teórico-prácticos de Linguaxe Musical:	10
2.3.1 Normas xerais:	10
2.3.2 Exercicios:	11
2.3.2.1 Ritmo e lectura	11
2.3.2.2 Entoación	11
2.3.2.3 Audición	12
2.3.2.4 Teoría e análise	12
2.3.3 Criterios de avaliación da proba de linguaxe musical.....	13
2.3.3.1 Ritmo e lectura	13
2.3.3.2 Entoación	13
2.3.3.3 Audición e ditado.....	14
2.3.3.4 Teoría e análise	14
2.4 Cualificación da proba teórico-práctica.....	14
2.5 Proba práctica: Instrumento ou Canto (Listados orientativos)	15
2.5.1 ACORDEÓN.....	15
2.5.2 CANTO	16
2.5.3 CLARINETE.....	16
2.5.4 CONTRABAIXO.....	16
2.5.5 FAGOT	17
2.5.6 FRAUTA TRAVESEIRA.....	17
2.5.7 GAITA.....	18

2.5.8	GUIARRA	18
2.5.9	ÓBOE	19
2.5.10	PERCUSIÓN	19
2.5.10.1	CAIXA:	19
2.5.10.2	LÁMINAS:	20
2.5.10.3	TIMBÁIS OU MULTIPERCUSIÓN:	20
2.5.11	PIANO	20
2.5.12	SAXOFÓN	22
2.5.12.1	SAXOFÓN MI b:	22
2.5.12.2	SAXOFÓN SI b:	22
2.5.13	TROMBÓN	23
2.5.14	TROMPA	23
2.5.15	TROMPETA	23
2.5.16	TUBA	24
2.5.16.1	TUBA:	24
2.5.16.2	TUBA TENOR OU BOMBARDINO:	24
2.5.17	VIOLA	24
2.5.18	VIOLÍN	25
2.5.19	VIOLONCHELO	26

1. Acceso a 1º curso do grao elemental

1.1 Información xeral

(Extracto do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música).

Artigo 7º.- Requisitos e proba de acceso.

1. Para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.
2. O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.
3. A proba para avaliar as aptitudes musicais incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:
 - Exercicio para avaliar a aptitude rítmica.
 - Exercicio para avaliar a aptitude auditiva e vocal.
 - Exercicio para avaliar a aptitude psicomotriz.
4. A realización destes exercicios efectuarase de xeito que ningún deles teña carácter eliminatorio. A valoración realizarase considerando tanto cada un dos aspectos sinalados no punto anterior como o conxunto da proba globalmente.

(Extracto da Circular 4/2008, pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das Ensinanzas de Réxime Especial de Música).

II. Acceso aos estudos de primeiro curso do Grao Elemental

1. Os/as aspirantes a ingresar no primeiro curso do grao elemental disporán dun máximo de dúas convocatorias para o acceso ao mesmo, non computándose, para estes efectos, as probas nas que se obtivo a puntuación mínima para acceder a devandito curso.

V. Superación das probas e matrícula

1. A superación das probas de acceso só será válida para obter posto escolar no centro, segundo a puntuación final acadada, e no ano no que se realiza a mesma.

3. Os/as aspirantes que, tendo superado as probas, non resultan admitidos pasarán a relacionarse nunha lista de espera a efectos de poder obter praza no caso de producirse unha vacante. Devandita lista só terá validez para a convocatoria á que se presente o aspirante, non tendo efectos para convocatorias posteriores.

1.2 Proba de acceso:

A proba consistirá en 3 bloques de exercicios que realizarán os/as aspirantes, individualmente:

- **Bloque 1 valoración da aptitude rítmica:** proba de imitación rítmica con palmas. Esta parte consta dunha secuencia de 4 exercicios de menor a maior dificultade, valorados cada un deles con 1 punto como máximo. En cada exercicio a puntuación posible será 0 ou 1 segundo se execute mal ou ben respectivamente. Cada exercicio será repetido dúas veces para cada aspirante. A **puntuación máxima neste apartado será de 4 puntos.**

- **Bloque 2 valoración da aptitude psicomotriz** mediante unha proba de imitación rítmica de psicomotricidade. Esta parte consta dunha secuencia de 3 exercicios de menor a maior dificultade, valorados cada un deles con 1 punto como máximo. En cada exercicio a puntuación posible será 0 ou 1 segundo se execute mal ou ben respectivamente. Cada exercicio será repetido dúas veces para cada aspirante. A **puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos.**

-

- **Bloque 3 Valoración da aptitude auditiva e vocal** mediante unha proba de imitación melódica coa voz. Esta parte consta dunha secuencia de 3 exercicios de menor a maior dificultade, valorados cada un deles con 1 punto como máximo. En cada exercicio a puntuación posible será 0 ou 1 segundo se execute mal ou ben respectivamente. Cada exercicio será repetido dúas veces para cada aspirante. A **puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos.**

1.3 Cálculo da cualificación

En total os 3 apartados conxuntamente sumarán unha puntuación máxima de 10 puntos. Para superar a proba, o aspirante debe obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

A cualificación global da proba obterase multiplicando a cualificación final na proba, resultante da nota media dos membros do tribunal, multiplicada polo seguinte coeficiente regulador por idade:

Táboa de coeficiente regulador por idade	
7 e 8 anos	Mutiplícase a nota x 1
9 anos	Mutiplícase a nota x 0.98
10 anos	Mutiplícase a nota x 0.96
11 anos	Mutiplícase a nota x 0.94
12 anos	Mutiplícase a nota x 0.92
13 anos	Mutiplícase a nota x 0.90
14 anos	Mutiplícase a nota x 0.88

ACLARACIÓNS:

- En caso de **empate**, terá preferencia o/a aspirante de menor idade.
- Para saber se un/unha aspirante supera a proba ou non, terase en conta a nota sen aplicar o coeficiente regulador por idade, é dicir, un aspirante de 14 anos que acada unha cualificación de 5 puntos na proba, ao ponderar a súa nota tería un 4.4, pero a proba estaría superada.
- Ningún dos exercicios terá carácter eliminatorio
- A proba de acceso cualificarase globalmente de 1 a 10 puntos, ata un máximo de un decimal.
- O cálculo do decimal da nota farase por aproximación matemática, tanto na nota da proba como ao aplicarlle a dita nota o coeficiente regulador por idade.
- A idade fai referencia aos anos que cumpre o/a aspirante no ano natural no que se realiza a proba, por este motivo **no momento da**

inscripción deberá presentarse copia do DNI ou documento que acredite a data de nacemento.

1.4 Organización, procedemento e reparto de vacantes

- 1. Realización da proba.**
- 2. Publicación dos aprobados:** admitidos na especialidade solicitada e **lista de espera.**
- 3. Segunda quenda de adxudicación de especialidades:** entre as vacantes que queden sen cubrir.
- 4. Matrícula:** Formalizarase na Secretaría do Centro no prazo que se determine.

Toda a información sobre as probas de acceso ao 1º curso do GE estará dispoñible nos taboleiros do Centro e na páxina web <http://cmusvigo.gal/>

NOTA:

O alumnado que non obteña praza na especialidade solicitada poderá escoller una das seguintes opcións:

1. Quedar na lista de espera da especialidade solicitada (que ten vixencia ata finais de outubro) á expectativa de que haxa algunha vacante libre.
2. Elixir unha nova especialidade, de entre as vacantes que queden sen cubrir, perdendo toda posibilidade de escoller a especialidade solicitada no momento da inscrición na proba.

2. Acceso a 1º Curso do grao profesional

2.1 Normativa xeral para todas as especialidades

Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro. DOG do 31 de outubro de 2007

Artigo 11º.- Acceso ó primeiro curso de Grao Profesional.

Para acceder ó primeiro curso das ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madurez, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, de acordo cos obxectivos establecidos neste decreto.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de acceso ó primeiro curso, que se axustará o disposto nos puntos seguintes.

- Para todas as especialidades, agás para a de canto, a devandita proba consistirá en:
 - Interpretación, no instrumento da especialidade que opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
 - Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
- Para a especialidade de canto, a proba consistirá en:
 - Interpretación de tres obras de diferentes estilos, libremente elixidas pola persoa aspirante, das cales unha será de repertorio lírico. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e será precisa unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
 - Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
- A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70% e o segundo nun 30%.

- A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Extracto da Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música

Capítulo II. Artigo 5º.

(...)O número máximo de probas de acceso a grao profesional que poderá realizar cada aspirante é de catro: dúas convocatorias ó primeiro curso e outras dúas convocatorias a calquera outro curso que non sexa o primeiro. Para estes efectos, non se computarán as probas nas que se obtivera a puntuación mínima establecida para o acceso..

Capítulo III. Artigo 9º.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal.

No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do aspirante á praza.

Capítulo III. Artigo 10º.

Os aspirantes serán convocados para a proba nun único chamamento, e excluírase del quen non compareza. Non obstante poderanse considerar os casos de forma maior, debidamente xustificadas e apreciadas polo tribunal, para os efectos dun posterior chamamento. A non asistencia á proba suporá a perda da correspondente convocatoria.

2.2 Criterios de avaliación da proba da especialidade:

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese

avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.

- Interpretar obras das distintas épocas e estilos. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- Interpretar de memoria polo menos unha das obras do repertorio de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.
- Amosar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ó texto.
- Amosar no programa presentado capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

2.3 **Exercicio de coñecementos teórico-prácticos de Linguaxe Musical:**

Proba común para todas as especialidades (30% da proba).

2.3.1 **Normas xerais:**

- A proba de Linguaxe Musical consta de catro apartados: dúas partes escritas que se realizaran conxuntamente con todo o alumnado aspirante das diferentes especialidades instrumentais e dúas partes orais que cada aspirante realizara individualmente diante do tribunal correspondente.
- Non se permitira o acceso a sala de exame (escrito e oral) a ninguén alleo a proba.
- Esixirase a máxima puntualidade, axeitándose o calendario das probas (dado que a primeira proba se realiza conxuntamente).
- O alumnado deberá traer á proba de coñecementos teóricos: Lapis, goma de borrar, bolígrafo azul ou negro, diapasón e un reloxo (para calcular o tempo de estudo).

- Na proba auditiva non se poderá empregar o diapasón.
- Na proba individual (lectura rítmica e entoación) non se poderá acceder a aula de estudio con nada mais que o diapasón e o reloxo.
- Os alumnos que se atopen na muda da voz poderán recorrer ó cambio de oitava ou de tonalidade se e preciso.

2.3.2 Exercicios:

Realizaranse os exercicios que determine o tribunal de entre os seguintes, tendo en conta que poderá ser calquera deles e polo menos un de cada apartado:

2.3.2.1 Ritmo e lectura

- Lectura medida nas claves de sol e fa en 4ª dun ou varios fragmentos rítmicos coas dificultades axeitadas ao seu nivel cos contidos vixentes na programación de Linguaxe musical correspondente ao grao elemental.
- Lectura interválica dun fragmento sinxelo desde calquera nota.

2.3.2.2 Entoación

En calquera tonalidade maior ou menor ata tres alteracións:

- Entoar a escala correspondente a unha melodía ou peza dada, coa axuda dun pedal de tónica no piano.
- Entoar o arpexo de tónica correspondente a unha melodía ou peza dada, coa axuda dun pedal de tónica no piano.
- Entoar os acordes tonais correspondentes a unha melodía ou peza dada, co acompañamento dos acordes placados no piano.
- Entoar a escala correspondente a unha melodía ou peza dada aplicando un modelo melódico-rítmico dado, a modo de progresión, coa axuda dun pedal de tónica no piano.
- Entoar os acordes tonais correspondentes a unha melodía ou peza dada, aplicando un modelo melódico-rítmico dado, co acompañamento dos acordes placados no piano.
- Entoar un fragmento melódico con ou sen acompañamento de piano coas dificultades axeitadas o nivel.

2.3.2.3 Audición

- Realización de ditado rítmico, melódico ou rítmico- melódico a unha voz de ata un máximo de 16 compases (en calquera tonalidade maior ou menor ata dúas alteracións)
- Identificación auditiva e escritura de acordes perfectos maiores e menores.
- Recoñecemento auditivo e escritura de escalas maiores e menores, nos seus diferentes tipos.
- Identificar auditivamente o modo maior e menor e o cambio de modo en tons homónimos.
- Identificación do pulso e do compás de fragmentos escoitados.
- Identificación da tonalidade e a modalidade de fragmentos escoitados.

2.3.2.4 Teoría e análise

Realización dunha batería de exercicios na que se demostre o coñecemento e dominio dos contidos incluídos na programación vixente correspondente o grao elemental.

- Interválica: Todos os intervalos ata o de 8^a e as súas inversións.
- Tonalidades (todas, agás as que implican dobres alteracións). Tonalidades relativas.
- Escalas maiores e menores (nos seus catro tipos).
- Termos relacionados co carácter, a dinámica e a agoxica.
- Estructuras melódicas e formais sinxelas (a-b, a-b-a, a-b-a', rondó simple, etc.).
- Recoñecer cadencias e distinguir o seu carácter conclusivo ou suspensivo.
- Recoñecer graos tonais e graos modais dentro dunha tonalidade determinada.
- Recoñecer notas alleas a harmonía (floreos e notas de paso).
- Recoñecer os acordes tonais (I, IV e V). Recoñecer o acorde de 7^a de dominante.
- Recoñecemento dos acordes triadas (maiores e menores, aumentados e diminuídos) e as súas inversións.

- Demostrar a capacidade de lectura vertical nunha partitura para piano.
- As claves, correspondencias entre elas.
- Equivalencias: pulso=pulso e figura=figura (tempos desiguais)
- Alteracións dobres e enharmonías (notas, intervalos e tonalidades)
Normas para atopar a tonalidade dunha obra musical
- Análise visual de melodías e pequenas pezas sinxelas seguindo todos os parámetros traballados neste apartado de coñecementos teóricos e analíticos.

2.3.3 Criterios de avaliación da proba de linguaxe musical

2.3.3.1 Ritmo e lectura

No aspecto de ritmo e lectura valorarase:

- Coñecer os compases e a figura que constitúe a unidade de tempo de cada un dos compases de que conste o exercicio.
- Demostrar corrección na interpretación das equivalencias.
- Dominar a lectura de notas en claves de sol en 2ª e fa en 4ª.
- Demostrar comprensión dos elementos expresivos do exercicio.
- Adecuar a velocidade de lectura o tempo (con numero ou termo) indicado o principio da partitura.
- Ler fluidamente e sen paradas.
- Marcar o compás de forma axeitada.
- Manter un pulso constante e regular o longo do exercicio.
- Executar con corrección as diversas formulas rítmicas propostas.
- Coñecer a lectura interválica.

2.3.3.2 Entoación

Valorarase a adecuación da entoación aos seguintes aspectos:

- Demostrar unha correcta emisión do son.
- Mostrar control da correcta afinación.
- Coñecer do tipo de escala na que se basea o exercicio.
- Coñecer os graos tonais da tonalidade na que se basea o exercicio.

- Amosar capacidade para aplicar un modelo melódico-rítmico dado os graos tonais da tonalidade correspondente.
- Ubicarse durante todo o exercicio na tonalidade e modalidade da partitura
- Empregar o movemento melódico axeitado (ascendente- descendente, por saltos ou graos conxuntos, repetición de notas, cambio de modo).
- Adecuarse ao ritmo e ao compás da partitura.
- Demostrar coñecementos de entoación interválica.

2.3.3.3 Audición e ditado

Os aspectos que se cualificaran son os seguintes:

- A tonalidade se corresponde coa do modelo.
- A armadura se corresponde coa tonalidade.
- Se respecta o modo.
- Sentido tonal.
- O compás e axeitado.
- A melodía esta reproducida exactamente.
- O movemento melódico se corresponde co modelo.
- Correspondencia rítmica co modelo.
- Escritura presentable e correcta.

2.3.3.4 Teoría e análise

Os alumnos e alumnas deben demostrar o coñecemento dos contidos propios do grao elemental.

2.4 Cualificación da proba teórico-práctica

“A cualificación total será de 0 a 10, incluíndo decimais. A ponderación para a cualificación final corresponderá á suma das seguintes porcentaxes: un 30% do total ao apartado de lectura e ritmo (máximo 3 puntos), outro 25% ao apartado de entoación (máximo 2,5 puntos), outro 25% aos aspectos auditivos (máximo 2,5 puntos) e finalmente o 20% restante ó apartado teórico-analítico (máximo 2 puntos)”.

2.5 Proba práctica: Instrumento ou Canto (Listados orientativos)

Proba común para todas as especialidades (70% da proba).

***Interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria.**

2.5.1 ACORDEÓN

Top-Boogie	R. Bui
Ustegabe	I. Larrañaga
Czardas	W. Rüegger
Baratzko pituak, Ametsgaiztoa	G. Hermosa
Danza rusa	F. Klepikoff
Playing tag, Sleepyhead	U. Jutila
Moving, Gypsy rondo, Moving	E. Lofbren
Kleigkeiten	C. Mahr
Swing thing, Modern mood, Eight ball	P. Hughes
Jazz'n melody	Rubinstein
3. Moderato	G. Kneip
Charlo s'amuse	A. Astier
Die tiere meins freundes	H. Reinbothe
Danza picena	G. Marcosignori
Asfalto	B. Clais
Bulgariche impresión	K. Schwaen
Tanzeriche miniatur	G. Lampe
Pantomime F. Lebrun	
Suite para niños nº 5	B. Precz
Federzeichnungen	W. Richter
2. Satz aus suite für akkordeon	H. Reinbothe
Sherman bounce, Irish washerwoman	E. Lofgren
Idiarena, Fragile, Ametsa, Izurrai	G. Hermosa
Study in studio F	A. Van Damme
Kovelahden masurkka	M. Rantanen

Fredag den 13
Suite para niños nº 2

A. Johansen
W. Semionov

2.5.2 CANTO

Arias antigas
Composizione da camera de Bellini
Composizione da camera de Donizetti
Arias de ópera de calquer estilo
Arias de oratorio
Obras vocales sacras
Canción de concerto española
Canción de concerto estranxeira
Romanzas do teatro lírico español
Cancións ou Temas jazzísticos
Cancións do folklore
Cancións da música popular

2.5.3 CLARINETE

Four short pieces	H. Ferguson
Divertimento nº 3	W. A. Mozart
Adagio	K. Baermann
Sonata nº 2	J. X. Lefèvre
Caprice	D. Milhaud
Concerto	N. Rimsky-Korsakoff
Five Bagatelles	G. Finzi
Romanza	M. Reger
Berceuse	G. Fauré

2.5.4 CONTRABAIXO

Sonata en Fa M	A. Giovannino
30 Estudios	F. Simandl

L'Elephant
Voce nobile
Sonata en La m
Concerto en Re M, 1º Movemento
Berceuse for baby hippopotamus
Tres valeses
Adagio
(Leichte spielstücke für Kb. Und Klavier)

C. Saint-Saëns
R. Clérisse
Giovannino
A. Capuzzi
S. Lancen
D. Dragonetti
J. M. Sperger

2.5.5 FAGOT

Four Sketches for Bassoon and Piano
Suite for Solo Bassoon
Sonata
Petit Piece
Six Sonatas (1º vol.)
Concerto en La m
Sonata en Mi m
Sonata en La m

Gordon Jacob
K. George Roy
J. Bessozi
E. Coriolis
J. E. Galliard
A. Vivaldi
B. Marcello
B. Marcello

2.5.6 FRAUTA TRAVESEIRA

24 pequenos estudos melódicos
Concerto VI, nº 1
Sonata a elixir
Sonata a elixir
Orfeo e Eurídice
Aria, para frauta e piano
Bluettes, 3 pezas fáciles
Romanza
Meditación de Thaïs
El cisne
La cage de cristal (das "Histoires")

M. Moyse
A. Vivaldi
M. Blavet
G. F. Händel
C. W. Gluck
G. Auric
A. Ameller
A. Honegger
G. Massenet (arreglo de P. Taffanel)
C. Saint-Saëns
J. Ibert

Cinco cancións sobre temas xaponeses	E. Bozza
4 pezas fáciles	E. Bozza
Le petit chévrier corse	H. Tomasi
An evening in the village	B. Bartók

2.5.7 GAITA

Pechadiño, pechadiño	X. Vaamonde
Muiñeira Banda ao Río	E. Fernández
Jota lucense	Tradicional
Alborada de Poio	Tradicional (rep. M. Villanueva)
Foliada de Padrenda	Tradicional
Jota do Besbello	Iván Costa

2.5.8 GUITARRA

Estudos sinxelos: do 6 ao 10	L. Brouwer
25 Estudos melódicos progresivos: nº 1,2,3,6 e 7 U.M.E.)	M. Carcassi (Ed.
12 Estudos preparatorios (Ricordi-Londres)	S. Dodgson-H. Quine
Cinco nocturnos e Cinco arias	F. Kleynjans
Cadernos de exercicios	B. Lester
Volumen de cejillas	
Volumen de escalas	
Volumen de arpexios	
Volumen de trémolo	
Sarabande	F. Poulenc
30 Estudos nº 2, 4 e 5	F. Sor (Ed. U.M.E.)
Minuetos, Andantinos, etc.	F. Sor
Lágrima	F. Tárrega

2.5.9 ÓBOE

Bourré J. S. Bach	Bleuzet (Ed. Leduc)
Concerto para óboe Corelli	Barbirolli (Ed. Boosey & Hawkes)
Sonata KV. 13 (Andante e Minuetto) W. A. Mozart	(Ed. Boosey & Hawkes)
Sonata en Do M	A. Bessozi (Ed. Chester Music)
Peza en Si b	H. Busser (Ed. Billaudot)
Gavota e Giga	W. Boyce (Ed. Chester Music)
Tango	I. Albéniz (Ed. Fentone)
Dúas pezas de fantasía	C. Nielsen (Ed. Chester Music)
Concerto para óboe nº 1	G. F. Haendel
Pavan (de Pavan and Dance B&H)	A. Rowley

2.5.10 PERCUSIÓN

2.5.10.1 CAIXA:

Método de caixa.	Delecleuse (Alphonse Leduc).
Estudios 1 e 2.	
28 miniaturas.	Dupin/Jorand (Alphonse Leduc).
Libro 1: 14 e 15.	
Escola Moderna para caixa.	Goldenberg (Hal Leonard).
Estudios VII páx. 16 e VIII páx. 17.	
Estudios para caixa.	Fink (N. Simrock).
Do 76 ao final en grupos de 2.	
The All American Drummer.	Wilcoxon.
Sós nº 1 e 2.	
Standard Snare Drum Method.	Podemski.
Leccións 26, 31, 36, 45, 53.	
Fundamental studies for S. D.	G. Whaley
Elementary studies for S. D.	M. Peters
Intermediate studies for S.D.	M.Peters.
Estudos 1-14 (escoller un)	
Contest solos for the Young S. D.	M. Houllif

Graded Music for Snare Drum II

K. Hathway & I. Wright

2.5.10.2 LÁMINAS:

Música de percusión para principiantes. Zempleni (E. M. B.). Bourrée (Mozart), Gavotte (Hasse), Menuett (Bach), Waltz (Beethoven), 1 a Danza Húngara. Todas con acompañamento de piano.

Escola Moderna para Xilo, Marimba e Vibráfono. Goldenberg (Hal Leonard).

Estudios 1, 2, 3, 4, 15.

Estudios.

M. Jorand (Alphonse Leduc).

Dende o nº 4.

Fundamental studies for mallets

G. Whaley

(última sección)

Isto é percusión

C. Castro

Malletrix

Jares Spears

Graded Music for Tuned Percussion II

K. Hathway & I. Wright

Funny xylophone

N. J. Zivkovic

2.5.10.3 TIMBÁIS OU MULTIPERCUSIÓN:

30 Pezas Progresivas.

Berlioz (Alphonse Leduc).

Con acompañamento de piano (agás a 22, 24, 26 e 27)

Timbais 1.

Xavier Joaquín (C.E.M.).

Estudios 21, 22, 23 e 24.

Método de timbáis.

Paliev.

Leccións 6, 7, 8, 9 e 11.

Fundamental studies for timpani

G. Whaley

Fundamental studies for timpani

M. Peters

Grade Music for Timpani II

K. Hathway & I. Wright

Multi-pitch

R. Delp

Studies in solo percusión

M. Goldenberg

2.5.11 PIANO

Exercicio nº 7 dos "51 exercicios para piano"

J. Brahms

Estudos Op. 100 nº 10, 11, 13, 14, 17, 20, 21, 22, 23, 24

	F. Burgmüller
Estudo nº 1	H. Cramer
Estudos Op. 65	C. Czerny
25 Etudes Op. 47	S. Heller
100 Kleinen Studien Op. 100, Vol. I	Th. Kirchner
Estudios Op. 37	H. Lemoine
Estudos Op. 100	H. Bertini
Pequenos preludios	J. S. Bach
Do M BWV 933, Do m BWV 934, re m BWV 935, mi m BWV 938, mi m BWV 941, La m BWV 942, Fa M BWV 927, re m BWV 926, re m BWV 940	
Album de Ana Magdalena:	J. S. Bach
Polonesa BWV 123	J. S. Bach
Invencións a 2 voces, nº 1, 8	J. S. Bach
34 Sonatas	G. Benda
Sonatinas Op. 151, nº 1, 2	A. Diabelli
Sonatinas, nº 6	L.van Beethoven
Sonatinas Op. 36, nº 2, 3, 4,	M. Clementi
Sonatinas Op. 20, nº 1, Op. 88 nº 1, 2	F. Kuhlau
Sonatas Hob. XVI/II, nº 5, XVI/4, XVI/8	F. J. Haydn
Sonatinas Hob. XI/35 en a M, Hob. XI/75 en a M	F. J. Haydn
Sonatina Op. 20 nº 1	J. Dussek
Six Sonatinas	I.Pleyel
Un recuerdo	M. Adalid
Albumleaves for the Young Op. 101	G. Gurlitt
Album for the Young Op. 138	S. Heller
Preludios Op. 119	S. Heller
Neue Kinderszenen Op. 55	Th. Kirchner
Album da Mocidade nº 10, 11, 12, 14, 28, 35	R. Schumann
Escenas de nenos nº 1	R. Schumann
Album da Mocidade nº 1, 8, 16	P. I. Tchaikowsky
Romanza sen palabras Op. 30 nº 6	F. Mendelssohn

“Contos da mocidade”	E. Granados
“Conto vello”, “Vindo da fonte”, “Dedicatoria”, “A pantasma”	
Mikrokosmos III (dende nº 76)	B. Bartók
“32 Klavierstück” nº 19, 23, 24, 31	B. Bartók
For children	B. Bartók
10 pezas fáciles	B. Bartók
Album de Colien Janeira (Jorge Peixinho), Pins (Albert Sardá)	
Sonatina for piano	E. Elgar
11 Pezas infantís	A. Casella
Sonatine Burlesque	J. Colomer
Sonatina en Mi m	J. Colomer
20 Pezas fáciles Op. 65	S. Prokofiev
Os cinco dedos	I. Stravinsky
6 Pezas infantís	D. Schostakovich
Children’s Songs	Ch. Corea

2.5.12 SAXOFÓN

2.5.12.1 SAXOFÓN MI b:

Tambourín	J. Ph. Rameau
Pastoral	G. F. Häendel
Dance	D. Milhaud
Chanson et passepied Op. 16	J. Rueff
Dix figures à danser	P. M. Dubois
4º solo de concerto	J. B. Singelée
Sonata nº 1	G. F. Häendel

2.5.12.2 SAXOFÓN SI b:

Solo de concurso	W. A. Dorselaer
Allegro spiritoso	J. B. Senaille
Introdución & Allegro	E. Remehda
4º solo de concertó	J. B. Singelée

Concertino nº 26
Bagatelle

J. Porret
M. Perrin

2.5.13 TROMBÓN

Sonata nº 1	J. E. Galliard
Cantilena	G. F. Häendel (arr. Buchtel)
Trombonaria	J. Brouquieres
Aprés un reve	G. Fauré
The Pink Panther	H. Mancini (arr. A. Frankenpohl)
Priere	R. Clerissé
Colneford Suite	A. Bullard
Air from Suite N° 3 in D	J.S. Bach (arr. R. Fote)
Sang till Lotta	J. Sandstrom
Badinage	P. Lawrance

2.5.14 TROMPA

Concerto en Si b	J. K. Skroup
Concert Rondo KV. 371	W. A. Mozart
Concert nº 1	W. A. Mozart
Romance Op. 36	C. Saint-Saëns
The Swan	C. Saint-Saëns
Romance	A. Scriabin
Rêverie Op. 24	A. Glazunov
En Irlande	E. Bozza
In Concert	P. Lawrence
Dúo Op. 63 para trompa e piano	I. Moscheles

2.5.15 TROMPETA

Sonata en Fa	A. Corelli
Intrada et Rigaudon	H. Purcell
Piece pour Concours	L. Picavais

Gaminerie	G. Friboulet
Andante et Allegro Moderato	G. Rene
Lied	E. Bozza
Aria "Bist Du Bei Mir"	J. S. Bach

2.5.16 TUBA

2.5.16.1 TUBA:

Largo and Presto	B. Marcello arr. D. C. Little
Romance and Scherzo	S. B. Cohen
Bourrée Häendel	arr. Ken Swanson
Les Hores	H. García Gázquez
Sonatina de Invierno	R. Cano
Morceau Vivant	Marcel Marceau
The Bombastic Bombardon	E. Siebert
Sonatina clásica	Troje-Miller
Romanza	A. Montes

2.5.16.2 TUBA TENOR OU BOMBARDINO:

Cantinelas Häendel	arr. F. L. Butchtel
Aprés un reve Fauré	arr. S. Mead
Aria from Suite nº 3 in D	Bach arr. Richard Fote
Trombonaria	J. Brouquieres
Walthers' Price Song	Wagner arr. F. L. Butchtel
Concertino petit	J. Cimera
Sonata en Fa M	B. Marcello
Andante e Allegro	J. E. Barat
The return	J. Hartman
West!	Ángel García

2.5.17 VIOLA

Volume IV	S. Suzuki
-----------	-----------

Bratschenschule II	B. Volmer
Estudos Op. 45	Wohlfahrt
Superstudies for viola Vol. II	M. Cohen
Technique takes off!	M. Cohen
L'alto Classique, Vol. B	
6 Duetos, Op. 8	I. Pleyel
Sonatas en Do e Sol	B. Marcello
Dúas sonatas	M. Corrette
Allegro	J. H. Fiocco
Concerto en Sol M	G. Ph. Telemann
Concerto para dúas violas	G. Ph. Telemann
6 Nocturnes	J. W. Kalliwoda

2.5.18 VIOLÍN

50 Estudos melódicos Op. 22	Curci
26 Estudos de cambio de posicións	Curci
Estudos de dobres cordas	E. Polo
Estudos en 2ª e 3ª posición Op. 32 nº 2	H. Sitt
Estudos Op. 20	H. E. Kaiser
60 Estudos Op. 45, a partir do 32	Wohlfahrt (Ed. Peters)
Sonatas Op. 5 nº 7, 8 e 9	A. Corelli
Sonatas en Sol m e Si m	A. Vivaldi
Sonatas	D. Scarlati
Sonatas en Fa M e Mi M	G. F. Haendel
Concertos	A. Vivaldi
Violinmusik II, Marcia nº 5	W. A. Mozart
Elödasi Darahok 3-4, Andantino (nº 26)	W.A. Mozart
Dúos Op. 8 para dous violíns	I. Pleyel
Libro Suzuki IV, Varios	F. Seitz
Violinmusik II, Valse (nº 13)	R. Sugar

2.5.19 VIOLONCHELO

Volume III	S. Suzuki
Método Práctico, 18 leccións en posicións	S. Lee
113 estudos, volume I	J. Dotzauer
40 Estudos Melódicos e Progresivos, volume I	S. Lee
Pezas con acompañamento de piano, volume II	Feuillard
Sonata en Sol M	Torelli
Sonata en Do M, 1º movemento	G. B. Brèval
Sonatas para cello e continuo	A. Vivaldi
Sonatas para cello e continuo	B. Marcello
Minuetos da I suite para cello só e Bourrées da III suite	J. S. Bach